

Magostos na segunda quincena

Páxina III



Xa non se fabrica pan en Castro Caldelas

Páxina V



A Eurocidade do Miño estuda crear Transporte Baixo Demanda

Páxina VI



Exhumación no cemiterio de Cabreira

Páxina VII



A Xunta investirá 16,5M€ para o Baixo Miño

Páxina X



As Rías Baixas, na feira WTM de Londres

Páxina XVI



18º Outono Gastronómico en turismo rural

Páxina XII

750.000€ para reformar a contorna do Mercado de San Antonio en Tui

Páxina IX



MESÓN DO MANOLO

Menú diario 12 euros
Fin de semana 16 euros

Hilario Serodio Grande
(xerente)

Carta: Cordeiro, ameixas, anguías,
cocido galego (xoves e domingos)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

OURENSE

A castaña, alimento estrela do outono en Lugo e Ourense

O sector da produción de castaña é relevante no noso territorio, xa que Galicia é líder nacional na obtención deste produto e desde a Xunta séguese a potenciar a través do Plan Estratéxico do Castiñeiro. Existe un selo de calidade diferenciada, a Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia, que forma parte da lista das 38 "Experiencias de Calidade" da Consellería do Medio Rural.

As provincias de Lugo e Ourense son as máis produtoras de castañas e onde se celebran máis magostos. En diferentes localidades da provincia ourensá comezaron a celebrarse as festas da castaña o sábado día dous e continuarán ata fin de mes. En Riós organizaron a XXIX Festa da Castaña e do Cogomelo. Alí puxeron en valor estes produtos alimentarios, que son referentes na tempada de outono, e a importancia do desenvolvemento do Plan Estratéxico do Castiñeiro para seguir potenciando a produción de castaña. A festa contou cunha variada programación de actividades, entre as que



Festa da castaña en Folgoso do Courel.

houbo degustación de castañas asadas e unha exposición de produtos elaborados con este froito. Ademais, fíxose entrega da "Castaña de Ouro" ao director xeral de Comercio e Consumo e á Garda Civil da provincia de Ourense.

No Courel (Lugo) esta festa celebrase desde 1986 para valorar a calidade dun produto característico e identificador da Serra do Courel, unha zona cunha gran tradición castañeira e na que os soutos son un elemento

característico da paisaxe. Así o destacou a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, que asistiu acompañada polo director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, e polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), Martín Alemparte.

Castiñeiros parte do patrimonio

Neste sentido, a responsable autonómica subliñou que os soutos e os castiñeiros son unha parte fundamental do patrimonio

natural e paisaxístico de Galicia e, particularmente, do Courel, onde estas árbores e os seus populares froitos supoñen un dos elementos máis senlleiros e identificadores deste territorio.

Merelles salientou que as festas son un aspecto fundamental na Estratexia de Turismo 2030 que ten como primeira misión presentar Galicia como un destino auténtico e diferencial. "Para iso, daremos un pulo especial a estas celebracións como recurso turístico e apoiaremos estratéxicamente a xeración de proxectos tractores vinculados á enogastronomía", anunciou.

A XXXV Festa da castaña de Folgoso do Courel, declarada de interese turístico, Xosé Merelles subliñou que "todas estas citas suman atractivos no que a tradición e costumes se refire, pero tamén fan gala da nosa hospitalidade para quen nos visita". Na actualidade, existen 140 festas declaradas de interese turístico de Galicia. Esta festa gastronómica congrega a centos de persoas para degustar gratuitamente o alimento estrela do outono.

Torneo de mus San Martiño



A Asociación Museiros Ouren­sáns, coa colaboración do Concello, organizou no Liceo o primeiro torneo de mus San Martiño. Foi o sábado, 9 de novembro durante todo o día, desde as 10 da mañá, e contou coa participación de máis de cen museiros e museiras.

O torneo contribuirá a darlle aínda máis visibilidade a un xogo en alza na cidade de Ourense, que todos os xoves do ano reúne a numerosos afeccionados e afeccionadas para xogar en diferentes establecementos da cidade. A Asociación Museiros Ouren­sáns agrupa ao redor de seiscentos socios e socias cunha idade media de 65 anos aínda que un ten 90.

A asociación fundouse no ano 2005 e a preside Antonio Losada. Os afeccionados integran 45 equipos cada un coa súa sede na que xogan a liga anual. O colectivo tamén organiza doce torneos anuais que se xogan os sábados. Ademais abriron unha escola que conta con trinta alumnos.

Taberna  **Enxebre**

Tfno 607 085 027
Rúa Unión, 2. Ourense

 **TABERNA A LAREIRA**

Churrasco. Parrillada. Polbo.
Tfno 617 64 93 88.
Rúa Velázquez, 9 soto. O Couto. Ourense.

 **O Inocente Taparía**

Menú do día
Comidas e ceas para grupos
Comidas para levar

Rúa Velázquez, 11. Tfno. 988 616 554 O COUTO. (Ourense)

 **a barbería**

Especialidade en comidas caseiras
988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense

Magostos na segunda quincena

O Concello de Lobios organiza o seu magosto no pavillón municipal dos deportes o día 16 a partir das sete e media da tarde. Haberá castañas, chourizos, touciño entrefebrado, pan, viño, queimada, bica e concerto da Banda de Música de Lobios.

En Pobra de Trives o magosto será nas instalacións de Santa Leonor tras varias edicións celebrándose na rúa San Martín. Será o sábado 16. Comezará ás oito da tarde. O prezo é de dous euros por persoa e inclúe bolo preñado, castañas e viño. Alberto Cunha encargárase da parte musical

O Montederramo o magosto será o sábado 16 na nave municipal. O menú custa 15 euros por persoa e inclúe empanada, lacón asado, birls preñados, bica, castañas, viño, auga e refrescos. Estará amenizada por Charanga Tat-



Os produtos do porco son claves nos magostos.

too e dúo Taki/cardia. As entradas poden conseguirse no bar Álvarez.

Na Arnoia, o sábado 16 ás dúas da tarde, A Queixeira acollerá o magosto. O menú de adultos inclúe petisco de empanada, arroz con androlla, jarrete de tenreira, pan, viño, auga, refrescos, so-

bremesa, café, licores e castañas; por un prezo de 20 euros. A proposta infantil, por 15 euros, leva luras, jarrete de tenreira, sobremesa, pan e refrescos. As entradas poden conseguirse nos bares e no consistorio ata o día 12. Haberá música coa Duendeneta e Carlos Crespo DJ.

Galicia conta con cincuenta mil hectáreas de castiñeiros



Castiñeiros de froito.

Actualmente, segundo datos achegados pola Rede Estatal do Castaño, en España hai unha superficie de 300.000 hectáreas con esas árbores. En Galicia hai preto de 50.000 hectáreas de castiñeiro e os soutos abarcan unha superficie de case 27.000 hectáreas. A súa presenza é maioritaria no interior e nas montañas de Ourense e Lugo, cunha produción duns vinte millóns de quilos. Estes produtos están amparados pola Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia, garantindo un selo de calidade.

Galicia é a principal rexión en produción e exportación de castañas a nivel nacional. Absorbe máis da metade da produción de castañas de España e

unha porcentaxe similar das empresas comercializadoras e as industrias de primeira e segunda transformación vinculadas a este aproveitamento forestal.

No que respecta á comercialización, a castaña galega e os seus produtos transformados destínanse maioritariamente aos mercados internacionais e están presentes en case trinta países de todo o mundo.

A castaña é un dos froitos máis senlleiros de Galicia. Pódense comer crúas, cocidas, asadas ou doces. Ademais, coa fariña de castañas elabóranse pans, pasteis e cremas. Nos últimos anos, a recuperación de receitas tradicionais e outras innovadoras deron un novo pulo ao sector.

Bombeiros de Ourense, voluntarios en Valencia

Efectivos do servizo de prevención e extinción de incendios do Concello de Ourense sumáronse como voluntarios para colaborar nos traballos de emerxencia que se están a realizar en Valencia fronte aos danos ocasionados pola dana. O día 4 de



novembro saíu cara á zona afectada un equipo de 6 bombeiros de Ourense e outros tantos déronlle o relevo ao longo da semana.

O Concello colabora nesta iniciativa, asumindo os gastos de desprazamento e achegando medios e materiais.



A OFICINA Bar de pinchos

Goza dun agradable ambiente e desconecta da túa rutina co mellor persoal degustando unha consumición.

988 31 80 83
Rúa Juan de Angas, 12
O COUTO (Ourense)



BAR ORELLAS

Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo cocido e prensado. Lomo, chourizo, salchichón e marcón ibérico. Queixo manchego e Arzúa.

Santo Domingo, 2
988 37 25 59 OURENSE



Tapas, revoltos, montados.
Rúa Fornos, 2. Casco Vello OURENSE



pastelería Prego



Elaboración artesanal. Especialidade en bicas.

Despacho: Vázquez Núñez, 2. 988 17 02 13
Obradoiro e despacho: Prego de Oliver, 10
Tfno. 988 17 00 01 OURENSE

OURENSE

O Pereiro de Aguiar amplía instalacións turísticas, educativas e de ocio

O turismo e as actividades económicas ligadas ao mesmo, medran cada día no Concello do Pereiro de Aguiar. Tralo ingreso do Pereiro no consorcio de turismo da Ribeira Sacra, e tamén coa inauguración da primeira fase do Parque Acuático, que fixo que neste verán pasasen preto de 100.000 persoas polo mesmo, o territorio municipal xa é un centro de ocio e turismo.

Grazas a un convenio coa Xunta de Galicia, Pereiro contará coa primeira área de autocaravanas pública. E unha actuación que se levará a cabo nos vindeiros días e que servirá para dar servizo nun lugar xa utilizado espontaneamente polos autocaravanistas, recibindo o Concello cada vez máis visitantes que practican este tipo de turismo. Dotada coas infraestruturas básicas dunha área destas características, servirá para embelecer tamén a contorna e as obras comezarán nos vindeiros días.

Por outra banda, rematou unha nova fase de sinalización turística coa instalación de totems de información turística adaptados aos requerimentos da dirección xeral de Turismo da Xunta nos principais



Sinalización turística na estrada OU-536.

viais de acceso ao municipio: Castadón, Porta do Sol e Melias, zonas de acceso tamén á Ribeira Sacra.

O Concello continúa sinalizando e embelecendo municipal co mural feito na estrada de acceso á capitalidade do Pereiro para continuar a dar os mellores servizos a veciños e visitantes.

Parque infantil

Xunto coas grandes obras postas en marcha ou en proceso de realización (ampliación parque empresarial, novo instituto e am-

pliación do colexio, remate do parque acuático...) hai outras de menor rango de investimento pero que son totalmente esenciais para o día a día. Novo parque infantil en Castadón, que ven a ser rematado grazas á colaboración da Xunta e que da servizo aos nenos e nenas de toda a contorna, así como dese pobo, que ata o momento carecían dunha infraestrutura desta natureza. Queda ubicada ao lado do Centro Social e trátase dunha construción moderna e funcional

Melloras na escola infantil Galiña Azul (sita na urbanización Veiga de Abaixo), rematadas antes do curso e que supuxeron 20.000 euros para actualizar as instalacións dunha das escolas infantís con máis alumnado de toda a provincia. Dará mellores servizos a unha escola infantil con aumento constante de alumnos, onde estaban 37 matriculados o curso pasado, e neste curso están 43 nenos e nenas matriculados, o cal "xustifica plenamente este investimento", segundo o alcalde Luís Menor. Estas dúas obras supoñen melloras para os nosos cativos e cativas, e contribúen a dotalos de máis servizos.

Os orzamentos da Deputación alcanzan 105 millóns de euros



Luís Menor Pérez intervindo na Comisión de Economía do Parlamento galego.

Luís Menor Pérez, presidente da Deputación de Ourense, avanzou no Parlamento de Galicia que os orzamentos para 2025 alcanzan "unha cifra inédita para a nosa institución: 105 millóns de euros", o que supón algo máis do 9,3 % de aumento con respecto ao vixente exercicio (96 millóns de euros) e permite aumentar os recursos financeiros en todos os capítulos.

O presidente provincial destacou que "a columna vertebral" destes orzamentos seguirá estando no Plan CooperOU, que terá unha dotación de 18 millóns de euros, un máis que no presente ano "e mantendo o com-

promiso dunha revisión á alza nas seguintes dúas anualidades ata rematar o mandato chegando a 20 millóns". A dotación para estradas provinciais aumentará 3,5 millóns de euros, ata alcanzar un total de 10,5 millóns no que vai de mandato. É dicir, multiplícase por sete a partida consignada en 2023 (1,5 M€). Intensificaranse as políticas públicas dirixidas ás persoas maiores, obxectivo do programa que se lanzará o próximo ano para a adaptación de vivendas, xunto con axudas técnicas que permitan mellorar os sistemas de coidados no fogar, aumentando un 25 % os recursos para teleasistencia.

acouBAR
Comida tradicional galega
Especialidade: Cachopo.
Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

PINCHOS Brochetas **MariaTapas** Bar
TOSTAS Raciones
Ensaladas Comidas para levar
PLATOS VEGETARIANOS Y VEGANOS
Rúa Unión 1
651 853 881

café-karaoke
rias baixas 2
Rúa Eulogio Gómez Franqueira, 55. Tño. 988 21 80 09 OURENSE

Menú do día | Ampla terraza exterior | Todo tipo de prensa | Zona wifi

CAFÉ BAR ZAPAS
Monte Medo, 10. OURENSE

BAR MUNDIAL
Praza Maior. OURENSE

Xa non se fabrica pan en Castro Caldelas

Os obradoiros están adicados a elaboración de bicas

Por Olegario Sotelo Blanco
Saber escoller a fariña e mais o lévedo, amasar manualmente na artesa e quecer o forno para poñelo a punto de enforar son requisitos imprescindibles para que se poida considerar que un panadeiro é un auténtico artesán. Poñerse mans á masa de madrugada para que os veciños reciban á mañá as súas fogazas e moletes quentes, crocantes por fóra e esponxosos por dentro, é un oficio tan antigo como a nosa civilización.

E todo isto era unha simple rutina para o meu veciño e amigo Odilo, un dos últimos panadeiros artesáns de Castro Caldelas que me contou, sentado diante da porta do seu forno, algúns “segredos” do que fora o seu oficio de panadeiro. Na súa época, na vila traballaban a reo catro panadeiros en cadanseu forno.

Odilo morreu case cos cen anos cumpridos e, cando falaba do seu labor, non ocultaba a súa pena de morrer vendo que no Castro xa non se cocía pan. O caso é que dos catro fornos que había, só queda o que fora seu e no que actualmente só se producen bicas. O pan que se consome na vila vén de fóra.

Presumimos de estar nunha das vilas “considerada” das máis lindas, que ten un castelo como emblema cultural e histórico que chama polo turismo que nos visita. Mais semella que non importan demasiado as nosas tradicións nin os la-

bores e coñecementos que formaron parte da nosa cultura popular.

Molinera e muíños

Por poñer un exemplo entre outros, pero que a memoria do meu amigo Odilo me trae á cabeza, quero lembrar a fábrica de fariña La Molinera, construída a principios do século XX e que constituía naquel tempo unha verdadeira revolución no xeito de moer o pan. Polo rupturista da maquinaria e polo que representou para os campesiños produtores de centeo da comarca, debería terse convertido nun museo, pero non quedaron nin sequera fotografías logo da súa demolición avanzado o século pasado.

É certo que máis apegados e con máis conexión cultural cos labregos foron os muíños hidráulicos, os fornos de pedra, as fontes, os modestos edificios nos que se impartía a escola, os apeiros de labranza, os carros... Toda esa bagaxe semella que a ninguén lle importa.

Algúns deberíamos ter aprendido, pero negámonos. Non queremos asumir que convivimos con xentes que non lle dan valor á memoria, ao patrimonio máis valioso con diferenza. É coma se vivíssemos nun momento histórico que padece un alzhéimer inducido por unha cultura global que persigue a estandarización universal... é dicir, a pobreza cultural global. Non, non queremos isto.

Demándolles desde aquí aos nosos re-



Odilo con Olegario Sotelo Blanco.

presentantes políticos que se preocupen un pouco (non lles pido moito, só un pouco) de impulsar as ferramentas suficientes para que os nosos netos e descendentes poidan ter unha idea, aínda que sexa lene e superficial, da cultura da que proveñen. Se eses representantes (e mais os funcionarios que lles dan soporte) descoñecen que os pobos están condenados a cometer os mesmos erros se non conservan e transmiten o aprendido no pasado, deberían dedicarse a outra cousa, porque a política e o servizo público deberían ser, antes de nada e despois de todo, memoria.

Luíntra e O Pereiro ven mellorado o acceso a Ourense por Velle



Com remate das obras da senda urbana entre Santa Marta e a Derrasa culminanse varias actuacións que supuxeron unha mellora importante deste viario municipal, ofrecendo mellores prestacións para vehículos e mobilidade máis segura para peóns e ciclistas no municipio do Pereiro de Aguiar.

Dentro do plan de melloras en vías provinciais que se acomete dende a Deputación esta estrada- ao seu paso pola parroquia de Sabadelle – vén de ver mellorado o seu firme e sinalización convertendoo nun vial moito máis axeitado para acoller o crecente tráfico que dos pobos do Concello de Pereiro e dos de Nogueira de Ramuín se dirixen a capitalidade a través de Velle sen ter que utilizar a cada vez máis saturada estrada comarcal OU-536.

Unha fase máis deste vial que se executa e que rematará coa reforma integral desta vía, que directamente dá servizo aos pobos da parroquia de Sabadelle – preto de 500 veciños- e a todos os da contorna, tanto do propio Pereiro como de Nogueira, e que cada vez ten máis tráfico.



Reserve su mesa
para Navidad y Fin de Año

Calle San Miguel, 12. 32002 Ourense
Información e reservas 988 236 006 / 636 727 585
info@sanmiguelourense.com

Sanmiguel GASTROBAR RESTAURANTE

CONDADO/PARADANTA

A Eurocidade do Miño estuda crear Transporte Baixo Demanda

Os Concellos de Arbo, As Neves, A Cañiza, Crecente e Melgaço, todos eles pertencentes á Eurocidade do Miño, están desenvolvendo un proxecto para un mellor servizo de Transporte entre os cinco municipios, o que facilitaría a mobilidade dos veciños e veciñas.

Co fin de recoller información básica e importante para o estudo das rutas e a viabilidade do Servizo, o Concello de Arbo puxo a disposición un formulario para que os veciños e veciñas fagan suxerencias e indicacións a este



servizo. Dende o Concello tamén se levan facendo trámites para requerir máis trens de calidade a

prezos accesibles e con frecuencias que contemplan a interoperatividade e o transporte intermodal.

Aperos de labranza serán expostos no Museo Arabo

José Juan Domínguez, Arbenso Distinguido en 2022 pola súa longa carreira aeronáutica de preto de 39 anos, cede gratuitamente bens da súa propiedade, utilizados antano para a colleita de uvas, millo, froitos da horta, para a Exposición Permanente do Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Arabo".

O Concello de Arbo aceptou por resolución a cesión do aperos de labranza, que serán incorporados ao Museo Arabo. Trátanse dunha debulladora de millo, unha encor-



chadora, unha "estrujadora", un cesto de madeira, unha máquina sulfatadora, un carro e un "pote de augardente". O Museo Arabo

está experimentando unha forte afluencia de visitantes. Un total de 550 persoas pasaron polo Museo Arabo este mes de outubro.

Xornada de portas abertas no Museo do Viño

No marco do Día Mundial do Enoturismo, o Museo da Ciencia do Viño de Salvaterra realizou unha xornada gratuítida de portas abertas este 10 de novembro, coa finalidade de dar a coñecer un dos maiores espazos de divulgación da viticultura e enoloxía de España.



Reformas nos accesos á Igrexa de Arbo

O Concello leva a cabo obras no vial de acceso desde As Laxas á Igrexa, cofinanciadas por AGADER e FEADER cun orzamento de licitación das obras de 54.431,35 €

Estas obras de mellora, contemplaron a demolición de muro para lograr un maior ancho de vial facilitando o cruzamento de persoas e vehículos, ao ser esta unha zona moi utilizada polos veciños da zona e as súas ex-



plotacións agrícolas, procedeuse a eliminación de raíces das árbores próximas e a creación de cunetas pola marxe esquerda.

Bolsas de estudo coa Fundación "Segundo Gil Dávila"

O Concello de Arbo, en colaboración coa Fundación "Segundo Gil Davila" abriu ata o 15 de novembro o prazo de convocatoria de axudas de estudos de 1.000 euros cada unha para o presente curso universitario 2024/2025.

Os solicitantes deben estar empadroados no Concello cun ano de anterioridade ao momento en que se solicita a bolsa e estar matriculado nalgunha das ensinanzas universitarias do sistema educativo español para obter un título universitario oficial.

"Vén ao teu Mercado tamén en Nadal"



Por terceiro ano consecutivo, a Praza de Abastos e o Concello de Arbo lánzase a partir do 6 de novembro na campaña "Ven o teu Mercado tamén en Nadal" para a captación de novos clientes e á fidelidade dos xa existentes.

Por cada compra darán un boleto que os participantes de-

berán encher cos seus datos e depositalo na urna da campaña, ata o 20 de decembro. Os premios son tres cestas con produtos do Mercado, do comercio local e viño e espumosos das adegas de Arbo, valorados en 120 euros, 70 e 50 euros respectivamente. O sorteo será o 20 de decembro na Praza do Mercado.

Asesoría Técnica Agrícola

AGROVITIS

Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista
Dello Rodríguez nº4 baixo
36860 Pontearreas
agrovitis@agrovitis.es
www.agrovitis.es

CERRAJEROS
Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865
www.cerrajeroremendon.es

24h.

ELECTRICIDAD
IN.M.A.C.
CONDADO S.L.

Calefacción eléctrica
Instalaciones y montajes eléctricos
Servicio de averías y mantenimiento 24 horas

Telf: 986 658 207 - 651 860 155 - 651 860 185
Pol. industrial Chan da Ponte
36450 - SALVATERRA DE MIÑO

Exhumación no cemiterio de Cabreira

A alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, e a concelleira de Cultura, Lorena Soto, mantiveron unha reunión co equipo de investigación da Universidade de Santiago de Compostela logo da firma dun convenio entre a Xunta de Galicia e a Universidade.

O equipo multidisciplinar formado polos grupos de investigación HISTAGRA, AEVUM (ambos adscritos ao CISPAC), o Instituto de Ciencias Forenses Luís Concheiro e o Instituto de Medicina Legal de Galicia, comezarán o 11 de novembro de 2024, os traballos de exhumación previstos na fosa do cemiterio de San Miguel de Cabreira, Salvaterra de Miño. A investigación previa



foi elaborada dende o grupo HISTAGRA, coa colaboración da Comisión pola recuperación da Memoria Histórica do Baixo Miño, Condado e Louriña e outros investigadores locais, apunta o enterramento de cinco persoas, nun principio, descoñecidas, na fosa de Cabreira, tras ser paseados o 18 de outubro de 1936.

Risoterapia para Adultos

O Concello de Salvaterra puxo en marcha do 29 de outubro ata o 3 de decembro na Casa do Conde un obradoiro de risoterapia desti-

nados ás persoas adultas como disciplina terapéutica, a risa ten moitos beneficios físicos, psicolóxicos, emocionais e sociais. As prazas son limitadas.

III Plan de Igualdade

Co financiamento da Deputación, o Concello de Salvaterra de Miño pon en marcha o proceso de elaboración do III Plan Municipal de igualdade co obxectivo de seguir avanzando cara a un municipio máis igualitario.

Este plan ten como obxectivo implicar a todas as áreas muni-

cipais no desenvolvemento de políticas, estratexias e accións en materia de igualdade ademais de recoñecer a realidade das mulleres de Salvaterra. A elaboración do plan realizarase en tres fases: diagnose, elaboración e presentación e difusión do plan e estará a disposición un cuestionario activo ata o 10 de novembro.

Curso de aplicador de fitosanitarios

Os días 13, 14, 15 e 16 de decembro desenvolverase na Casa do Conde un Curso nivel básico de manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios de forma presencial. A formación levarase a cabo os días 13 e 16 en horario de tarde e os días 14 e 15 en

horario de mañá.

As persoas interesadas poderán solicitar máis información e inscribirse de xoves a domingo no Museo da Ciencia do Viño a través do correo museociencia-vino@concellodesalvaterra.org ou no 617 148 866. As prazas son limitadas.

A licitación a mellora de 24 viais

O Concello de Salvaterra de Miño abriu o proceso de licitación para a mellora de 24 viais no termo municipal, financiados a través do Plan +Provincia da Deputación de Pontevedra. Con esta actuación preténdese seguir renovando e mellorando o estado do viario municipal con actuacións en Outeiriño, Medóns, Queimadiña, Frades, Souto da Fonte, Casal -

Vilacoba, Bugallal - Carrasqueiras, Pazo - Lira, Laxe, A Carrilla, Covelo de Arriba, Chans, Mirón, Barral, Coto, coto-Burguete, Pedreira, Os Castros, Val de Foxos, IgrexaAlxén, Toucedo, Coruxo, Martín e Cimadevila.

En xeral, procederase a votar unha capa de mestura bituminosa en quente tipo AC 16 Surf 50/70 D, a excepción do Camiño do Outeiro, xa que parte do mesmo

executarase con hormigón HA-25. Unha vez pavimentados os camiños porase a cota da nova rasante as tapas de rexistro e reixillas existentes. Nos casos necesarios acometeranse as obras de mellora da drenaxe superficial, para conducir as augas ás distintas recollidas da rede de pluviais. Estas actuacións enmárcanse dentro do plan de mellora de viais municipais

Oficina Móbil de Retorno

A través dunha iniciativa cofinanciada co Fondo Social Europeo, a Praza do Concello acolleu o 7 de novembro a

Oficina móbil de información e asesoramento especializado ás persoas emigrantes retornadas a Galicia e ás súas familias.

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Pontearreas
milfollas@mundo-r.com

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC
Telfs: 986 65 93 94 - 606 74 50 09
of Rúa Galicia, 2 Bajo - SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA%)

Telf: 986 659 101
pino.rodriguez@occident.com
Rúa Curros Enríquez 4, baixo 3
SALVATERRA DE MIÑO

Disponemos dun salón para ceas ou comidas do grupos
Rúa Marqués de Viana, 5
36450 SALVATERRA DE MIÑO
RESERVAS 886 661 333

687.34.85.87
que.pelusilla
C/ Rúa Dona Urzaca, 20
Salvaterra de Miño

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño
Telf: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

BAIXO MIÑO

TUI

Prorrogada a "Exposición Secuestrada"

A mostra "A exposición sequestrada. Estampa Popular Galega, Tui-1968" inaugurada o pasado 27 de setembro na Sala Municipal de Exposicións do Concello de Tui amplía o prazo de visita do público ata o 16 de novembro á vista do éxito de público e ás numerosas peticións recibidas ao respecto.

Esta mostra, comisariada por Xosé Enrique Acuña, é froito da colaboración entre o Concello de Tui e Fundación Xavier Pousa, recupera a exposición orixinal de "Estampa popular galega" que en setembro de 1968 fora prohibida



polas autoridades da ditadura franquista tras ser programada no desaparecido Restaurante-Bar Galicia de Tui despois de que previamente percorrera sen especiais problemas outras localidades galegas.

Unha San Silvestre solidaria contra o cancro

O Alcalde Enrique Cabañero, o concelleiro de deportes de Tui, Rafael Estévez, a presidenta do Club Atletismo Tui, Cristina Piñeiro, a responsable do Baixo Miño da Asociación Española Contra o Cancro, Pilar Barbosa, xunto a técnicos municipais, mantiveron a primeira reunión para a organización da carreira San Silvestre Tudense 2024, proba solidaria e non competitiva que se celebrará o martes 31 de decembro, que volverá a ter un carácter solidario a favor da Asociación Española



Contra o Cancro. O evento volverá contar con avituallamento, chocolatada con rosca ao remate da proba, así como uvas para brindar polo fin de ano.

O turismo aumenta un 57% co respecto a outubro de 2023

Durante o pasado mes de outubro, a Oficina de Turismo de Tui rexistrou un incremento dun 57% no número de persoas, turistas e peregrinos, que solicitaron información con respecto ao mesmo mes do ano anterior, pasando das 1.497 persoas en outubro de 2023 ás 2.353 deste ano.

O turismo internacional rexistrou o principal incremento, pasando

de 69 persoas estranxeiras atendidas en outubro de 2023 ás 301 do pasado mes, o que representa un crecemento do 336%. Os principais puntos de orixe foron Reino Unido, Uruguai, Arxentina, Italia ou Portugal. Mentres o turismo nacional creceu nun 46% pasando de 987 a 1.441 persoas procedentes principalmente de Castela A Mancha, Asturias, Madrid, Castela León e Barcelona.

Segundo os datos da Oficina do Peregrino da Catedral de Santiago, en outubro foron 9.852 persoas as que realizaron o Camiño Portugués, das que o 78% eran peregrinos estranxeiros (6.896), e o restante 22% de procedencia española (2.212), consolidando Tui como un dos principais lugares escollidos polos peregrinos para iniciar este Camiño Portugués, en concreto o 33% (3.182 peregrinos).

Radio Municipal de Tui homenaxea a José Font



José Font, director da Radio Municipal de Tui, xubilouse tras conducir este 21 de outubro, o seu último programa da mañá, Día a Día, que leva case 30 anos en emisión. Jose Font foi o impulsor deste proxecto de comunicación en Tui, un traballo que comezou hai 33 anos durante as festas de San

Telmo. En 1991, liderou o nacemento da Televisión Municipal de Tui, á que se sumaría a Radio un ano despois. Este 24 de outubro, ás 20 h, a Radio Municipal de Tui emitiu un programa especial de Día a Día dende o Teatro Municipal, en recoñecemento ao labor de Jose Font.

Urban Trail Night da Eurocidade

O 23 de novembro a Eurocidade Valença – Tui celebrará o 6º edición do Urban Trail Night con dúas distancias, un de 8 e outra de 16 quilómetros.

A saída será dende Valença e o final da proba será o Paseo da

Correioira de Tui.

O evento se realizará paralelamente coa conmemoración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, razón polo que os T-shirts levarán como logotipo da carreira o símbolo do 25N.

De "Cultiva a Mente" a "Coida o Corpo"

Como continuidade do programa "Cultiva a Mente", o Concello de Tui leva a cabo a iniciativa "Coida o Corpo" en colaboración con Afaga Alzheimer para a prevención do deterioro físico e mental e a promoción do envellecemento activo na veciñanza maior de 55 anos.

No mes de outubro púxose en marcha a proba piloto deste programa nas parroquias de Guillarei e Ribadelouro cos usuarios do programa Cultiva a Mente.



Esta experiencia desenvolverase ata finais deste ano para analizar a súa acollida e viabilidade. O responsable da realización das sesións é Miguel Vázquez, Técnico da Actividade Física e do Deporte de AFAGA.

GASOLEOS TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO
PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61
REPSOL

LIMPIEZAS PONTEAREAS
Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas
986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

TUI

750.000€ para reformar a contorna do Mercado de San Antonio

O día 4 de novembro comezaron as obras de reforma da contorna do Mercado de San Antonio, nas que se actuará na zona comprendida entre a rúa O Pilar e a rúa Maristas.

O obxectivo é lograr a integración da praza de abastos e o seu entorno coa renovación das rúas adxacentes con novo mobiliario, sinalización e iluminación. Contémplase a instalación dunha estación para a recarga de vehículos eléctricos, así coma a instalación de alumeado exterior do entorno da praza e o soterramento do cableado.



As obras, adjudicadas á empresa Xestión Ambiental de Contratas SL, suporán un investimento de 754.292,1€ financiado con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O prazo de execución é de dous meses medio.

A paz europea a través das fortalezas

O Alcalde tudense Enrique Cabaleiro participou na presentación en Ciudad Rodrigo o proxecto FAR PAX "A paz europea a través das fortalezas abaluartadas da raia" no que participan os municipios españois de Tui e Ciudad Rodrigo e os portugueses de Valença, Almeida e Marvão para desenvolver unha estratexia conxunta de desenvolvemento baseada no Patrimonio Cultural.

A finalidade deste proxecto é a recuperación do patrimonio histórico vinculado aos baluartes e murallas destas cinco cidades cun investimento de case 1,2M€. Ao abeiro deste proxecto o Concello de Tui vai proceder á recuperación



do Baluarte do Diaño, cun investimento de preto de 400 mil euros, sendo o municipio que máis financiamento recibirá. A licitación das obras realizarase en 2025 e deberán estar rematadas en 2027. Tamén se contemplan

outras actuacións complementarias para a dixitalización dos recursos patrimoniais, a creación de roteiros turísticos, e colocación de sinalética que contribuirán a recuperación e posta en valor do patrimonio tudense.

Protección Civil a Valencia



Voluntarios de Protección Civil de Tui, que forman parte do dispositivo que coordina a Dirección Xeral de Protección Civil de Galicia, desprazáronse a Valencia nun dos vehículos da agrupación, con bombas de achique, xeradores e

torres de iluminación, para axudar nas zonas afectadas pola DANA. O Concello agradeceu á empresa Grupo Altrasan por colaborar con bombas de achique e xeradores, e a Supermercados Froiz por subministrar auga e alimentos para os voluntarios.

A Biblioteca de Tui premiada no María Moliner



A Biblioteca Pública Municipal de Tui vén de ser galardoada no Concurso de Proxectos da Campaña de Animación Lectora "María Moliner" 2024, na súa 24ª edición. Este prestigioso concurso, promovido polo Ministerio de Cultura e Deporte, premia os mellores proxectos dirixidos a toda

a veciñanza, con especial atención a colectivos con dificultades para acceder á lectura, levados a cabo por bibliotecas públicas en municipios con menos de 50.000 habitantes.

Este premio está dotado con 2.777.77 euros, que a Biblioteca destinará á adquisición de libros e publicacións.

PFC Condado

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTEAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO

+55

Pompas Fúnebres del Condado

20/11/2024

Gracias

BAIXO MIÑO

A Xunta investirá 16,5M€ para o Baixo Miño

Durante unha visita á Guarda, o delegado territorial da Xunta, Agustín Reguera, informou que o goberno autonómico destinará 16,5 M€ dentro dos Orzamentos 2025 para diversas actuacións nos Concellos do Baixo Miño.

Entre estes investimentos destacan a conectividade en torno á autovía Tui-A Guarda (9M€); a finalización das obras no Mosteiro de Oia (4,2M€); a reforma da vella cárcere de Tui (1,8M€) e da Catedral (900.000€); Programa Rexurbe (600.000€); e infraestrutura verde para os valores paisaxísticos do Estuario do Miño e do Monte de Santa Trega na Guarda. Tamén se contemplan axudas para o aluguer, bonos e programas



de transporte e a gratuidade da educación dos 0 anos ata a titulación universitaria.

I Torneo de balonmán transfronteirizo



O pavillón da Sangriña do Concello da Guarda celebrou, en conxunto co Concello do Rosal, o I Torneo Internacional Transfronteirizo do Minho do 1 ao 3 de novembro, reunindo ao balonmán base nas categorías masculina e fe-

minina infantil e xuvenil de Galicia e Portugal. Participaron as seleccións galegas, B. M. Porriño, Atlético Novás, Asociación de Andebol do Porto, Maistas CDCASS, GDC Azurara e o Mecalía Atlético Guardés.

Tomiño ingresa na Estratexia Estatal de Saúde

O Concello aprobou en pleno a súa adhesión á Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención no Sistema Nacional de Saúde (SNS), unha iniciativa do Ministerio de Sanidade que persegue a promoción da saúde e a prevención co obxectivo de gañar anos de vida en boa saúde e libre de discapacidade.

Esta estratexia propón o desenvolvemento de intervencións sinaladas como boas prácticas e baseadas na evidencia científica destinadas a promover a saúde e



prever as doenzas, as lesións e a discapacidade, actuando de maneira integral sobre factores como a actividade física, a alimentación,

o tabaco, o alcol e o benestar emocional, tendo en conta as contornas nas que vive a poboación.

A activista Amelia Tiganus arranca o 25N na Guarda

A Casa dos Alonso da comezo o 12 de novembro á programación polo 25 N con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, cunha charla da activista Amelia Tiganus, presidenta da Federación Estatal de Mulleres

Abolicionistas (FEMAB), baixo o nome "Xuventude, Internet e violencia sexual: quen gaña?". Amelia, tras ser vítima de trata e explotación sexual en prostíbulos españois durante cinco anos, comprometeuse con dar a coñecer e loitar contra esta realidade.



Xornadas instrumentais da Eurocidade

O Auditorio Municipal do Rosal recibiu a expertas e expertos da Eurocidade da Foz do Minho, en conxunto coa Guarda e Caminha, para realizar master class gratuítas organizadas polo Concello e a Agrupación Musical do Rosal no marco das Xornadas Instrumentais Eurocidade.

Nas xornadas participaron o Conservatorio Elemental da Guarda; a banda de música da Agrupación Musical da Guarda; a Escola de Música, a banda do Conservatorio profesional da Agrupación Musical do Rosal; a academia de música Fernández Fão



e a Sociedad Musical Banda Lanhelense.

Oia avanza na compostaxe

O Concello anunciou unha nova entrega de composteiros de balde no Centro Cultural de Pedornes. Ademais realizáronse visitas de se-

guimento aos veciños e veciñas que xa están a participar no programa, nas que se lle ofrecen apoio técnico e informativo sobre o uso dos composteiros.

globaltea
informática + telefonía

- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS
R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA
Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

PINTURAS
BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO



Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Caliza



O proxecto Visit Rio Minho Plus aposta polo turismo transfronteirizo

Os socios do proxecto VISIT_RIO_MINHO_PLUS, promovido pola AECT Rio Minho, mantiveron a súa segunda xuntanza de seguemento na sede do CIM Alto Minho, en Valença para estudar as iniciativas pertinentes para fortalecer o turismo transfronteirizo e a valorización dos activos paisaxísticos do territorio.

Estiveron presentes a AECT Rio Minho, CIM Alto Minho, Turismo de Porto e Norte de Portugal, Adriminho, Deputación de Pontevedra, Axencia de Turismo de



Galicia, Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), Concello de Miño, Instituto Politécnico de Viana do Castelo e Universidade de Tui, Concello de Salvaterra de

GALP Pontevedra incentiva a cooperación pesqueira

Representantes do Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, Ría de Arousa e Ría de Vigo-A Guarda estiveron en Tenerife co obxectivo de intercambiar experiencias e coñecer proxectos innovadores vinculados ao sector pesqueiro e acuícola da illa.

Esta iniciativa enmárcase dentro do compromiso dos GALP galegos de promover o desenvolvemento



sustentable das zonas costeiras e fomentar a cooperación entre as diferentes rexións pesqueiras. Entre estas atópase a mellora da

calidade dos produtos pesqueiros, a promoción do papel da muller na pesca ou a conservación dos fondos mariños, todos elas desenvolvidas en colaboración co Grupo de Acción Costeira (GAC) de Tenerife. Ademais, realizaranse presentacións de proxectos a cargo dos seus promotores locais, o que contribúe a unha análise profunda das propostas e o seu impacto no territorio.

Envío de axuda pola DANA

O parque de bombeiros do GES da Guarda foi o centro de recollida de axuda entre o 4 e 5 de novembro para enviar a axuda á Comunidade Valenciana ante os danos causados pola devastación da DANA. O Concello puxo tamén a disposición a Casa dos Alonso para a recollida de alimentos non perecederos, mantas, toallas e produtos de limpeza persoal.

Así mesmo, do 4 ao 6 de novembro, o Concello de Oia iniciou unha campaña solidaria de recollida de alimentos e produtos esenciais na Casa do Concello para as familias afectadas pola recente DANA na Comunidade Valenciana. Recibíronse alimentos non perecederos, produtos de hixiene persoal, leite, auga, zumes, e artigos para a alimentación e coidado de bebés.

Oia recibe apoio da Xunta para saneamento



A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e a alcaldesa de Oia, Cristina Correa, reuníronse para abordar asuntos relacionados co saneamento.

Ámbalas dúas coincidiron na necesidade de levar a cabo unha análise da situación do saneamento tanto no núcleo urbano como na zona rural.

Vázquez informou que os técnicos de Augas de Galicia colaborarán co persoal municipal tanto na elaboración desa diagnose como na avaliación das medidas necesarias. A maiores, tamén avaliaron a repercusión que terá no sistema de depuración municipal a conversión do Mosteiro de Santa María a Real en hotel.

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

- Reforzo escolar
- Motivación
- Técnicas de estudo
- Preparación de exames
- Orientación educativa

Avda. de Galicia, 4- 1º- PONTEAREAS. Tel: 675 088 316 - info@academiatiempos.es

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel/Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

(SPG) TALLERES

CHAMBO LIBRIS
ASOCIACIÓN SOLIDARIA

- FOGAR DO LIBRO USADO
- OBRADOIROS
- RECITAIS
- TERTULIAS
- PRESENTACIÓN DE LIBROS

Rúa Alfonso Vázquez Fraile, 7 PONTEAREAS

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Óptica mahen
Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTEAREAS

GALICIA

18º Outono Gastronómico en turismo rural

Outro ano máis o Outono Gastronómico en Turismo Rural de Galicia ofrécete a posibilidade de gozar dunha saborosa gastronomía facendo unha escapada en parella, cos amigos, en familia ou regalándote un tempo para ti só. Dende o 13 de setembro ata o 15 de decembro de 2023, as casas de Turismo Rural de Galicia celebran o seu "18º Outono Gastronómico", patrocinado por Turismo de Galicia. As 77 casas rurais participantes ofrecerán dous menús distintos, exclusivamente concibidos para esta ocasión, elaborados cos mellores produtos galegos.

Ademais do "Menú Outono Gastronómico" tamén tes a posibilidade de adquirir o "Paquete Outono Gastronómico" -que permite degustar o Menú Outono Gastronómico

e pernoctar na casa de turismo rural elixida-, ou gozar da oferta completa coa "Fin de Semana Outono Gastronómico". E se queres compartir coa familia a fin de semana, podes apuntarte á oferta "Fin de Semana Familiar Outono Gastronómico" (1 ou 2 nenos/as). Tamén poderás gozar do Outono Plus naqueles establecementos, 31 nesta edición, que oferten adicionalmente outras actividades complementarias como paseos a cabalo, descenso en canoa, sendeirismo, visitas culturais...

Podes facer a túa reserva para gozar destas experiencias os venres, sábados e domingos durante o período do 13 de setembro ao 15 de decembro, salvo dúas fins de semana concretas: 1 - 3 de novembro e 6 - 8 de decembro.



Na presentación desta edición, o director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, destacou a "consolidación deste produto, como demostran os case 6M€ que se inxectaron no sector turístico nestes dezasete



Guía Completa pdf
<https://tinyurl.com/ylzpv13>

anos nos que participaron máis de 92.000 persoas". Incidiu tamén na campaña de promoción que se fará contando con "influencers" e con concursos nas redes de Turismo de Galicia.

Casas Rurais participantes no Outono Gastronómico 2024

24 casas rurais na Coruña:

Muíño das Cañotas, en Cariño ; Casa do Morcego, en Valdoviño; Casa Arpón, en Malpica de Bergantiños; Mar de Queo, en Carballo; Costa da Égoa, en Carral; Casa Trillo, en Muxía; Casa das Fiadeiras de Nemiña, en Muxía; Casa Castiñeira, en Muxía; Casa Grande do Bachao, en Santiago de Compostela; Muíño de Pena, en O Pino; Casa Camino Real, en Melide; Pazo Santa María, en Arzúa; Casa Rural Piñeiro, de Vila Sen Vento, en O Pino; Pazo de Sedor, en Arzúa; Casa Perfeito María, en Outes; Pazo de Brandeso & Country Club, en Arzúa; A Casa da Torre Branca, en Santiago de Compostela; Casa Brandariz, en Arzúa; Yoruba, en Ames; Fogar de Selmo, en Rois; Casa do Cruceiro, en Ames; Casa do Zuleiro, en Outes; Xanela da Lúa, en Carnota; Parada de Francos, en Teo.

23 casas rurais en Lugo:

O Almacén, en Cervo; Os Tres Teixos, en Foz; Finca O Bizarro, en Trabada; Casa Norita, en Lourenzá; Casona de Labrada, en A Pontenova; Casa de Aldea Finca Val dos Soños, en Castro de Rei; Longarela Casa Rural, en Castroverde; Casa de Baixo, en Lugo; Casa O Crego, en Cervantes; A Fervenza, en O Corgo; Pazo de Ludeiro, en Monterroso; A Lareira, en As Nogais; Casa Caxigueiro, en Sarria; Casa Romualdo, en Taboada; Casa das Triegas, en Folgoso do Courel; Casa Caselo, en Folgoso do Courel; Casa Ferreiro, en Folgoso do Courel; Pazo do Piñeiro, en Chantada; Casa Vilamor, en O Saviñao; Rectoral de Castilón, en Pantón; Casa dos Muros, en Pantón; Ferrería de Rugando, en Quiroga; Casa Grande de Rosende, en Sober; Rectoral de Anllo, en Sober.

15 casas rurais de Ourense:

Vila Centellas, en Coles; La Rectoral de San Eusebio, en Coles; Reitoral de Chandrexa, en Parada de Sil; Gandarela Turismo Rural, en Cenlle; Eido das Estrelas, en A Veiga;

Casa Ramirás, en Ramirás; Rectoral de Ansemil, en Celanova; Casa Sabariz, en Rairiz de Veiga; Aldea Couso S. L., en Sarreaus; Casa do Mosteiro, en Xinzo de Limia; Rectoral de Candás, en Rairiz de Veiga; Aldea Rural Santo André, en Rairiz de Veiga; Casa Baralló, en Lobios; Retiro do Conde,

en Monterrei; Casa da Feira, en Lobios.

15 casas rurais en Pontevedra:

Casa San Ginés, en Vila de Cruces; A Casa da Botica, en A Estrada; Torres de Morada, en A Estrada; Casa Grande de Fuentemayor, en Silleda; Torre do Río, en Caldas de Reis; Casal dos Celenis, en Caldas de

Reis; Casal do Umia, en Cambados; A Pastora, en Cambados; Casal de Folgueiras, en Meis; Casa do Sear, en Sanxenxo; A Casa de Larache, en Vilaboa; Casa Videira, en Bueu; Lugar dos Devas, en Covelo; A Cantaruxa Maruxa, en Mondariz; Pazo da Escola, en Gondomar; Rectoral de Areas, en Tui.



Paquete Outono Gastronómico

Inclúe o Menú Outono Gastronómico e a estancia na casa de turismo rural elixida (noite de venres ou sábado a escoller), co almorzo do día seguinte dentro da oferta.

165 €/ 2 PERSOAS EN CUARTO DOBRE

105 €/ 1 PERSOA EN CUARTO INDIVIDUAL



Fin de Semana Outono Gastronómico

Inclúe dous Menús Outono Gastronómico e dous almozos por persoa, así como o aloxamento para as noites de venres e sábado.

260 €/ 2 PERSOAS EN CUARTO DOBRE

165 €/ 1 PERSOA EN CUARTO INDIVIDUAL



Fin de Semana Familiar Outono Gastronómico con 1 neno/a

Inclúe dous Menús Outono Gastronómico por cada adulto e dous menús infantís por neno/a, aloxamento en cuarto dobre con cama supletoria (noites de venres e sábado) e almozos para toda a familia os dous días.

310 €/ 2 ADULTOS + 1 NENO/A (ATA 14 ANOS)



Fin de Semana Familiar Outono Gastronómico con 2 nenos/as

Inclúe dous Menús Outono Gastronómico por cada adulto e dous menús infantís por cada neno/a, aloxamento en dous cuartos dobres ou un dobre con dúas camas supletorias (noites de venres e sábado) e almozos para toda a familia os dous días.

360 €/ 2 ADULTOS + 2 NENOS/AS (ATA 14 ANOS)



Outono Plus

Consulta establecementos e actividades en turismo.gal




Menú Outono Gastronómico

Inclúe entrante, primeiro e segundo pratos, sobremesa e viño Denominación de Orixe galega.

37,50 €/ 1 PERSOA

Precisa de se sentir em casa, precisa **galicia**



 XUNTA DE GALICIA

OPINIÓN

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Cada vez é máis doado mentir, mentirnos, mentir a historia

C hégase á conclusión de que cada vez é máis doado mentir. É doado e resulta sempre moi barato pois rende beneficios. Quizais habitamos xa na mentira e, nela, vivimos ben, anque descaradamente. Cada vez é máis aceptada socialmente a trola, a falsidade, o embuste, a fraude e a impostura, as trapalladas e as vaidades obtusas. Sae gratis e dá réditos. Son tempos nos que derivou a difamación daquela xente mentireira que se fixo de ouro, co poder -en calquera das súas formas. Semellamos crer que para chegar ao éxito necesariamente temos que falsear, subornar a realidade, adulterar, enganar e finxir. E se son moitos a mentir, que sucede moitas veces, máis semella ser verdade. Aínda sabendo todos que aquilo que se afirma non é certo. Ata tal punto chegamos empregar a falsidade -a sabenzas- para acceder a moitas situacións da vida, un posto de traballo, para chupar máis cámara, para saír máis nas fotos, para acadar un ascenso e ter un “estatus social” admirable, cheo de solvencias, para acceder a un premio, etc. Pero tamén confirma que estamos nadando augas dun naufraxio certo. Nos tempos que corren son máis as persoas que asenten dalgún xeito coa mentira, corifeos dese pauto co demo no poder

-en definitiva o poder da mentira, xente afiliada que desde ese descaro patrocina ou alenta unha total e absoluta farsa. Súmanse e aceptan que se minta diante dos demais, propagando o embuste, sen mediar sequera calquera advertencia que poña unha dúbida no aire. As mentiras agrándanse e van collendo presenza, son bólas de neve que a medida que avanzan acadan maior corpo e suman adeptos, estupefacientes que adormecen a realidade en estados de latencia, súmannos ao vicio e desvirtúan todo chegando a atopar a realidade, a falsear calquera certeza. Chegou o momento de conformarse, de aceptar resignadamente o que sabemos é unha albugada inaceptable, unha falta de rigor, de confianza. O peor, ben sabemos, aínda está por vir. É máis doado subverter a realidade que recoñecer a responsabilidade e darse á desculpa antes de seguir agrandando a pelota. Con este exemplo tan descarado de farol aprenderán futuras xeracións e daranse conta da fosa na que as metemos, podendo aceptar e agrandar a bóla das mentiras -como semella ser- ou rebelarse contra toda esta pantomima na que estamos inmersos, que derivará nun caos cada vez maior. Choverán arrepenimentos. Claro está, a mentira dá máis be-

neficios e é doada de aceptar no contubernio, chega con gardar un disimulado silencio e, logo, deixarse ir, tirar para adiante no disimulo.

Conta con moita xente disposta a esa escenificación. A mentira irá abrindo camiños e collendo adeptos de todo tipo. Nestes tempos vende crea fantasías, virtualidades proxectadas en grandes espectáculos de horizontes impensados nos que calquera fraude se fai realidade e é aceptada, sen ser sequera acadar unha sospeita. Son moitos os que menten e cando van xuntos, aínda así, fan corpo. Falan con descaro, como se levasen razón. Repítense moitas veces insistindo na mensaxe falsa, arremuíñan fotos trucadas, textos inventados, análises técnicas, informes científicos e toda unha serie de enquisas e números que adornan moi ben a condición na que navegan. Son un grupo enorme de mentireiros e mentireiras. Pensan que coa súa insistente mentira, obstinada, repetida tantas veces, a impostura se fará verdade. E iso non é certo, confío que nunca sexa, porque non quixera vivir esa desorde, esa confusión globalizada que se espalla coma virus maligno e vén no vicio de crer con ollos cegos e arraiga en enfermizas formas de comportamento social. Todos aceptamos o que sucede en Palestina. O silencio é suficiente para que sigamos na pantomima mentres morren milleiros de persoas inocentes, mentres se conculcan dereitos de “humanidade” desde as inhumanas formas do erro consentido, no retorto ámbito do

silencio, no imposible aceno de aceptar que non podemos estar a todo, facéndonos colaboradores da trampa que a todas luces é falsa. Chega con mirar os tratos inhumanos que se lle deparan, desde gobernos moi democráticos, como o noso, aos inmigrados, tras-terradas, transferidos, exiliadas e perdidos. Que pouca memoria temos! Hai pouco, e aínda hoxe somos nós os que buscábamos abeiro, traballo e pan. E alá, nas distancias onde aínda moita da nosa xente habita, déronnos acubillo. Pero non é reversible o caso! Quizais a mentira semente esquecementos. Ou quizais sexa ao revés, o esquecemento semente mentiras. Chegar aquí é un naufraxio e non pode traer máis que infinitas sombras, moita vergoña pola ruindade que amparamos, pola herdade nesa mesma depravación que concede o dereito de pernada aos descendentes dos que ousaron o poder, nesta adulteración e sucedáneos, na especulación, na corrupción xeneralizada, nos fondos voitre, na difusión dos medios na entrega podre das mentiras, na falta de sensibilidade para querer mellorar a vida. Mentres, andamos a soñar a transparencia que non existe, e que intercedería para mellorar o mundo e reconfortarnos, repoñernos. Despois a Historia nunca se contará como foi nin como debera ser contada.



Por Xosé-Bieito Coello Coello

O problema da vivenda

E moi difícil amañar que todo o mundo dispoña dunha vivenda digna, mais sí que se poden tomar medidas que melloren moito a situación actual.

A competencia en vivenda está perfectamente transferida ás comunidades, porque é moi diferente a solución que se pode dar en unhas ou outras. As leis universais, que tanto pregoan dende os medios de comunicación madrileños non valen; por exemplo dicir que fai falla construír centos de miles de vivendas, esta ben para algunha cidade, mais as axudas para esa construción, que as pague esa cidade ou a autonomía e non o Estado porque en lugares como



Galicia existen miles de casas valeiras, non so nas aldeas e vilas senón tamén nas cidades. Polo tanto en Galicia e absurdo

facen vivendas novas, salvo nalgúns lugares especiais, cando é a comunidade que ten máis vivendas non utilizadas.

Para evitar que esas vivendas estean valeiras, que é un grave problema para moitos lugares, unha proposta razoable

sería subir o IBI para esas vivendas, -medindo os consumos de auga e electricidade non é moi difícil comprobalo-, e para que non se vexa que é so unha medida recadadora, pódese baixar, coa maior parte de esa recadación, o IBI das vivendas ocupadas. Isto pódono facer perfectamente os Concellos coa colaboración da Xunta.

Tamén deberíanse incrementar e simplificar as axudas para a rehabilitación. As vivendas xa construídas, aínda que estean valeiras, en xeral dispoñen de tódolos servizos, pola contra para construílas novas, fai falla un enorme gasto para dotalas de servizos.



Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

JuntsxCat: o pau de palleiro do soberanismo catalán

JuntsxCat pechou este domingo 27-Ou o seu congreso, non por casualidade sete anos despois da votación no Parlament que proclamou unilateralmente unha independencia que ficou no ámbito da mera declaración. Unha declaración coetânea á aprobación dun insólito 155 polo Senado, cos votos do PP e do PSOE, que dun xeito desaquelado dissolveu a Cámara catalá, cesou o seu Govern e encetou un ciclo represivo que continuou o 30-Ou cunha querela criminal da Fiscalía Xeral do Estado que moi poucos días despois levaría ao cárcere, con carácter preventivo, a boa parte daquel goberno (o vicepresidente Junqueras, os consellers Turull, Rull e Forn, a consellera Bassa e máis a presidenta do Parlament Carme Forcadell), mentres o presidente Puigdemont, os conselleiros Comín e Puig e a conselleira Ponsatí safaban por se ter exiliado antes de se decidir o seu prendemento.

Este introito nos fai entender como este congreso, malia decidirse unha liña anovada que vai tentar a independencia pasando polo previo afortamento do poder local e autonómico dende a centralidade e a transversalidade, non se pode entender sen a existencia dun proceso que converxe no plebiscito do 1-Ou de 2017 e na votación parlamentaria do 27-Ou. E tampouco se pode entender sen a represión, Sen ese cárcere sufrido polo



martirena

reelixido secretario xeral do partido, Jordi Turull ou o actual president do Parlament, Josep Rull. Ou ese exilio de sete anos xa que sofren o eleito presidente do partido, Carles Puigdemont e o seu eurodeputado, Toni Comín, aos que o Tribunal Supremo rexeita aplicar a amnistía dende unha interpretación xurídicamente inaceptábel do delicto de malversación. Tampouco sen a grave condena de cárcere e inhabilitación que o Tribunal Superior de Catalunya pronunciou contra a anterior presidenta do partido, Laura Borràs (dende o domingo presidenta da fundación juntaire Catdem), por un suposto fraccionamento de contratos

públicos que tampouco aturaría unha análise xurídico-penal acaída.

Distintos observadores presentes neste congreso coinciden en salientar i) que o liderado de Puigdemont é claro, comunemente aceptado e serve de elemento de cohesión a unha organización plural e transversal, ii) que a moral de vitoria, malia estar ausente dos principais gobernos locais e do goberno nacional catalán, é elevada, fronte á implosión de ERC e as CUP e iii) que Puigdemont e unha moi grande maioría d@s juntaires optaron por unha organización militante, dirixida á executividade e á operatividade. As candidaturas aos órganos de dirección desbotaron, neste senso, as listaxes abertas.

Mais este superior grao de cohesión non arrombou a pluralidade que é esencial a esta forza catalanista e que mesmo se potencia agora. Por unha banda, inserindo no conxunto organizativo importantes forzas municipalistas (Impulsem Lleida, Impulsem Penedès, JuntsxIgalada ou JuntsMartorell) co obxectivo de ser primeira forza en poder local despois das vindeiras municipais de 2027. Por outra banda combinando a integración do espazo humanista e personalista dos Demócrates de Catalunya de Antoni Castellà, sucesores da UDC fundada por Carrasco Formiguera no 1931, coa continuidade dos tres sectores recoñecidos (de esquerdas, liberal e socialdemócrata) que teñen acceso directo á Executiva. Este pluralismo ideolóxico determinou unha transacción que impediu a proposta de derogación dos impostos de sucesións e patrimonio.

Alén deste carácter militante e operativo, desta organización baixo un liderado e unha dirección fortes e definidores e desta pluralidade transversal na percura da centralidade, de ser o core ou o pal de paller do país, Puigdemont enunciou a necesidade de que Junts compita directamente co goberno do PSC de Illa e tente construír pontes e estruturas de sociedade civil comúns con ERC, probábelmente ben certo que a competitividade entre nacionalistas fixolle moito dano ao soberanismo e que existen ducias de milleiros de votantes e simpatizantes de ERC que poden transitar ao voto e á simpatía juntaire.

Sen dúbida JuntsxCat, dramáticamente ausente do Govern da Generalitat e do poder local das Deputacións todas e dos principais gobernos locais do país mediterráneo, ha transitar un longo camiño até a reconquista destes poderes local e autonómico. Haberá demostrar que ten solucións acaídas para os principais problemas de Catalunya, entre eles a coexistencia entre a inmigración e a integración social entre cataláns de orixe e de residencia. E haberá saber usar das ferramentas institucionais, mais sen esquecer o obxectivo que lle da sentido á súa existencia e ao liderado de Carles Puigdemont, que non é outro que o recoñecemento do dereito a decidir da cidadanía catalá e a posibilidade de exercelo libremente. Illa xa ten enfronte unha proposta que semella competitiva.



Por Nemésio Barxa

Mormentelos

Há poucos días minha colega no estudo de Vigo, Elsa Quintas, conhedora de meu sentimento para as terras de Viana do Bolo, obsequiou-me com o livro titulado "Mormentelos", da autoria de Emilio Arauxo. Para situarmos, Mormentelos (seu nome completo, Nosa Señora da O de Mormentelos) é uma aldeia de pouco mais de 50 habitantes segundo os últimos censos, do Concelho de Vilarinho de Conso, na comarca de Viana; o subtítulo do livro é: "Vai quedar a serra soa". Não vou fazer uma resenha de este interessante livro, cheio de histórias e muito completo reportagem fotográfica sobre "o lugar inteiro e a memória coletiva da gratidade, ...". É a história de uma aldeia, inicialmente toda ela arrendada á casa do cura, e todo seu evoluir nas lembranças de vizinhos desde antes da República, muitos dos comentários no particular galego que se fala naquela zona, que nos contam de trabalhos, do ingenio dos vizinhos para cada opor-

tunidade de defender-se do frio ou da neve, defender-se do lobo, tirar o melhor partido das ovelhas e das lavouras do campo, de saber criar alegrias e ilusão de viver de aquela vida triste e miserável, das relações com os povos vizinhos, com os que compartilham reuniões, festas, esmorgas e relações sociais. Se a vida do lavrador sempre foi escrava, muito mais em Mormentelos, com a crueza do clima. O surpreendente da história e a riquíssima cultura popular que se construiu sobre todo o que ardeia a vida do homem e sobre sua própria imaginação, o folion, o fiadeiro, os lardeiros, os boteiros, o entrudio. E a defesa da capela com seu escudo. Sentimentalmente toda a minha vida eu assumi a existência de uma profunda cultura popular na comarca de Viana; tal vez porque o primeiro livro que lei em galego foi "Contos Vianeses" do amigo familiar Laureano Prieto, da pequena biblioteca de meu pai e que agora fica na que doei aos vizinhos de Viana do Bolo. Ainda que

totalmente desvinculado da vida de Viana do Bolo, sempre que me era possível chegava-me à comarca mentras cantava polo meu caminhar suas belezas; Por tal motivo quando casei faltou-me tempo para levar á minha mulher a um pequeno recorrido por aquela terra. Minha mulher, Maribel Collazo, que procedia de um mundo cultural muito amplo e diverso, alucinou com uma regueifa no interior de um lameiro, tendo como assento as pedras de um valado e uns regueifeiros a tope de imaginação, repentização e versificando o desconhecido; ou uma representação de teatro com vizinhos de outro povo, dentro de uma corte de vacas acondicionada para o espetáculo, ou um foliom de carros.... Cultura popular para o próprio lecer. Por isso pensava que pese a que minha vida transcorreu entre Ourense e Vigo, se nado em Viana queria que minhas cinzas fossem aventadas no rio Bibeí a seu passo por Viana; assim o deixei no meu testamento vital, que tal vez tenha que reformar.

Minha surpresa é que sendo a comarca de Viana e suas gentes de grande riqueza natural, encanto cultural e alta dose de

tradição, despreciam por completo o legado que lhe fixem da minha Biblioteca pois, ainda que aceitado e ratificado pola Corporação municipal, há perto de cinco meses que estou pretendendo que recolham uma parte dela e só receba escusas ou silêncio ou datas incumpridas por parte do Sr. Alcalde.

Não sei qual é a opinião ao respeito dos vizinhos do município.. Tal vez não tenham interesse em que se lhe chegue uma biblioteca de mais de 5.000 volumes. Ainda que me reconforta ver que as inquietudes culturais dos vianeses seguem vivas, como acredita assistência massiva a uma representação teatral da associação Sofá Malva da Casa Rosa (imaginativo nome) ou a apresentação da coleção do desenhador vianês Jorge Alvarez, grande protagonista do vestir. Terão a mesma inquietude para fazer-se cargo inicialmente da metade da biblioteca que lhes doe? Pois que se manifestem.



As Rías Baixas, na feira WTM de Londres

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, acompañado pola deputada de Turismo Nava Castro, promoveu as estratexias de desestacionalización e atracción de turismo estranxeiro do destino Rías Baixas na Feira World Tourist Market de Londres, un dos eventos de turismo de maior impacto do mundo.

Durante as xornadas establecerónse contactos con operadores, medios de comunicación, alcaldes e alcaldesas de diversos territorios para divulgar os diversos atractivos da provincia e fomentar a captación de visitantes internacionais. No relativo ao Destino Rías Baixas, os datos



amosan unha tendencia á alza das cifras de visitantes estranxeiros rexistrada neste verán do 2024, onde o turismo internacional medrou nun 27,4 % con respecto ao pasado 2023.

XIII plenario da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

O XIII Plenário da Comunidade de Trabalho da Galiza e Norte de Portugal reuniu, hoje, no Terminal de Cruzeiros de Leixões. No encontro, o Presidente da CCDR NORTE, António Cunha, transmitiu o testimonio da presidência da Eurorregião ao Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela.

Em foco, esteve o tema da adoção do Estatuto do Trabalhador Transfronteiriço por Portugal e Espanha, uma prioridade já reivindicada pela Eurorregião junto de ambos os Governos, na sequência da crise provocada pelo COVID-19. Foi apresentado mais um contributo da Eurorregião relativo aos âmbitos e requisitos do Estatuto, preparado por um

grupo de trabalho conjunto, constituído por entidades das administrações de ambas as Regiões, sindicatos e representantes empresariais.

Além disto, António Cunha e Alfonso Rueda, reiteraram a prioridade do cumprimento do calendário de execução da linha ferroviária de alta velocidade entre as cidades do Porto e de Vigo.

O CAAN recibe 47.000€ para atención canina

O labor que desenvolve o Centro de Acolida e Protección de Animais (CAAN) da Deputación de Pontevedra no coidado animal acaba de ser apoiado pola Xunta de Galicia coa concesión dunha achega de 47.000 euros, 10.000 € máis que o pasado ano, para

financiar os gastos derivados de esterilizacións de cans, identificacións con microchip, compra de alimentos e vacinacións realizadas nas instalacións da Armenteira.

Estas axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva ás entidades locais para ac-

tuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia. Na actualidade, hai 52 concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes adheridos ao CAAN, que traballa 24 horas ao día os 365 días do ano.

Igualdade nas escolas rurais

A Deputación de Pontevedra acaba de firmar un convenio con FADEMUR Galicia para o desenvolvemento do proxecto "Formando en igualdade para previr a violencia de xénero: Promovendo valores en igualdade nas escolas rurais", na

que a institución provincial achegará un financiamento de 10.000€. O proxecto propón achegar ás escolas campañas personalizadas, con intervencións directas e que atendan ás especificacións dos colexios e incluso de cada unha das aulas.

24.000€ para Cátedra de Feminismos na UVigo

Dixitalización e traballo da muller; pornografía dixital; ciberviolencia de xénero; visibilidade dixital das protagonistas de obras teatrais; e identificación das pioneiras do sector publici-

tario na provincia son os eixes de investigación da Cátedra de Feminismos 4.0, promovida pola Deputación de Pontevedra e a UVigo e que contará cunha liña de axudas de 24.000 euros.

Plan Extra con 35M€ para proxectos estratéxicos

A Deputación de Pontevedra abriu o prazo para que os Concellos presenten solicitudes para recibir subvencións ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria Plan Extra, dotado con 35M€ que serán distribuídos por concorrencia competitiva naqueles municipios de menos de 50.000 habitantes da provin-

cia en proxectos estratéxicos como novas infraestruturas públicas, rehabilitación, humanización de espazos públicos urbanos ou naturais e xestión de residuos, entre outros. Cada Concello só poderá presentar un proxecto e, en función da súa poboación recibirá entre 0,5 e 1,1 millóns de euros.

Creación literaria na Illa de San Simón



O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, recibiu aos escritores que participan na terceira quenda da II Residencia Litera-

ria Illa de San Simón, na que se promove a creación literaria mediante unha estada de ata dúas semanas neste entorno.

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

forjados
hinos. duran s.l.

www.forjadosduran.com